

Asemblea Xeral Ordinaria da FGCMF de **24 de marzo do 2007**

Hora: 18,00 1ª Convocatoria.
18,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

1. Presentación Contas 2006
2. Informe de Xestións. Proxecto Naviera 08
3. Participación Salón Náutico de Vigo. Brest 08
4. Calendario
5. VIII Encontro de E. T. de Galicia
6. Local da FGCMF
7. Rogos e preguntas.

Comeza a Asemblea ás 18,30 en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 18,00 horas.

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente:	Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 1º	Francisco Fernandez Rei
Vice-Pres. 2º	João Paulo Moreira Batista
Vocal	Manuel Alonso Varela
Vocal	Arturo Loureiro Fernández
Tesoureiro	Javier Moraña Fontán
Secretario	Uxío Allo García

Escusa a súa inasistencia o vogal Osvaldo Davila, por razóns de saúde.

Asiste representación das seguintes asociacións membros da FGCMF:

1 Breadouro, 2 Sodináutica, 3 Asodiña 4 IE Miñoranos, 5 AMC Vilaxoán, 6 Mariñeiros de Bouzas, 7 AET Coruña, 8 Gamela de Cabo de Cruz, 9 Dorna Meca, 10 Etnográfico Mascato, 11 Dorna de Portonovo, 12 A Fasquía, 13 Dorna da Illa da Arousa, 14 Sueste, 15 Clube de Mar de Ferrol, 16 Rompetimóns, 17 Os Galos, 18 Calmoseira, 19 Rabandeira, 20 Mar da Pedra

Tamén están representadas as seguintes asociacións colaboradoras:

1. Clube Mariño Salnés, 2 Barcos do Norte

Asisten como invitados: Pablo Carrera (Director do Museo do Mar de Galicia), dous representantes dunha asociación que se vai crear en Rianxo e outros dous outros dous do Clube Marítimo "Marisma" da Ramallosa.

1. Presentación Contas 2006

O Presidente Fernando Piñeiro presenta o detalle de xestión de ingresos e gastos do ano 2006 (vid. Anexo) e sinala que é necesario subir as cotas das asociacións. Un dos representantes de "Sueste" de Moaña comenta que a Federación a constitúen asociacións moi dispares, polo que non deberían pagar todas a mesma cota.

O vogal Arturo Loureiro informa sobre o seguro de navegantes da FGCMF.

2. Informe de xestión

O Presidente Fernando Piñeiro informa do Proxecto Na Beira 08 para realizar a FGCMF coa Dirección Xeral de Deporte da Consellería de Cultura e Deportes coa finalidade de divulgar a cultura marítima en diferentes portos do litoral atlántico, os domingos desde finais do vindeiro abril ata o Encontro de Ferrol. Informa que o calendario de regatas de dornas xa está elaborado e que se ignoran as actividades das asociacións, agás o Clube de Mar de Ferrol.

Tamén dá conta de eventos do 2007 ós que se invitou a FGCMF e nos que haber que estar presentes: Semana do Golfo en Mor Bihan (Bretaña) 14-20 maio; Zokoa (Iparralde/País Vasco francés) 9-10 xuño; regata de vela latina en Barcelona (1º fin de semana de xuño) e Festa do Mar de Barcelona (semana despois do Encontro de Ferrol).

O vicepresidente 1º Francisco Fernández Rei informa que xa saíu do prelo o nº 4 de *Ardentía*, co lema "O mar tamén ten mulleres". Presentouse en Ferrol o día 9 con presenza dunha persoa que representaba a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e volverase presentar o vindeiro 29 en Vigo, no Museo do Mar, con presenza da Secretaría Xeral de Igualdade, que xunto con Pesca, financia este número. O consello de redacción xa programou varias presentacións, entre elas Ferrol no programa do Encontro; pero tamén se presentará en calquera lugar sede dunha asociación da Federación, sempre que algún responsable cunha certa antelación se dirixa ó director Luis Rei manifestando o desexo desa presentación.

Fernández Rei tamén informa da exposición que prepara un equipo da FGCMF para o proxecto Na Beira O8, que sería a previa para a grande exposición de Brest 08. En principio o equipo fórmano Luís Rei (coordinador), Dionisio Pereira, Xaquín Lores, Antón Pais, Emílio Insua, João P. Baptista, F. Fernández Rei, que contan coa colaboración de Xavier Camba e Pablo Carrera.

O tema serán as embarcacións tradicionais, cuns 15 paneis con toda a tipoloxía de barcos e barcas dos mares e ríos galegos. Como complemento irán 2 ou 3 paneis no comezo sobre historia e medio mariño e fluvial galego e outros 2 ou 3 no final sobre a cultura e o patrimonio marítimo-fluvial e o seu futuro. Estanse perfilando os contidos dos paneis e buscando material gráfico, polo que se roga que cada asociación da Federación envíe a Luis Rei un par de fotos de embarcacións, unha vella e outra moderna, porque o equipo da exposición pretende que dalgún xeito o labor de todas as asociacións da Federación estea representado nesa exposición.

3. Participación Salón Náutico de Vigo. Brest 08

O Presidente Fernando Piñeiro informa da presenza da FGCMG no Salón Náutico de Vigo celebrado a comezos deste mes. Asistiu a este Salón unha delegación de Brest 08, que quería saber o número e tipos de barcos que van acudir a Breaña, e que manifestou o desexo de que no relativo ás dornas acuda unha frota de 10.

4. Calendario.

Trátanse aspectos do calendario de actividades con diversas intervencións.

5. VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia

O vogal Manuel Alonso Varela, do Clube de Mar de Ferrol, informa do estado dos preparativos do Encontro de Ferrol. Sinala que as Xornadas son o máis perfilado nestes momentos, cunha conferencia inaugural a cargo de Staffan Mörling.

Pablo Carrera, director do Museo do Mar de Galicia e principal responsable da organización desas Xornadas, sinala que se celebrarán a bordo do *Hidria II* e que contarán con un crédito da Universidade da Coruña.

Manuel Alonso sinala que pretenden que no Encontro haxa o I Premio Cidade de Ferrol de Dornas e que haxa unha regata de gamelas e outra de faluchos.

O vogal Arturo Loureiro, tamén do Clube de Mar, informa que a través da páxina web xa se poden ir facendo inscricións para o Encontro de Ferrol.

Fernando Piñeiro comenta que cómpre “espertarnos” o Cantábrico para que veña a Ferrol.

6. Local da FGCMF

Fernando Piñeiro informa que a sede da Federación na que estamos a celebrar a asemblea, é unha cesión temporal do Pósito de Cambados, e que a partir de agora hai que compartila con actividades de formación organizadas polo Pósito, que necesita espazos porque está en obras.

Fernando sinala que esde hai tempo unha arela da Federación é dispoñer de local propio, e dado que se aproxima o período electoral solicita á asemblea autorización para falar con cada un dos candidatos á alcaldía don concello de Cambados para tratar o tema dunha posible sede estable para a FGCMF. Apróbase por asentimento total que o Presidente faga esa xestión.

7. Rogos e preguntas

Antes de entrar neste punto Fernando Piñeiro dá conta de varios asuntos dos que debía ter informado no informe de xestión: a entrevista en Vigo coa Conselleira de Cultura e Deporte, a petición desta, para tratar o tema de Na Beira 08 e outros asuntos relacionados con Brest 08, a viaxe que vai realizar a Noruega, invitado polo Cetmar de Vigo; e a problemática da fiscalidade da Federación, que Fernando considera que hai que dar de alta á vista do elevado orzamento do presente ano.

Braulio Puga informa que se lle concedeu un pantalán para embarcacións tradicionais a "Mariñeiros de Bouzas". Antón Pais comenta que esa é unha gran noticia que senta un precedente, e engade que en Holanda os museos teñen o seu pantalán como museo flotante.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a assemblea ás 21,15 h

Cambados, 24 de marzo do 2007

O Secretario:
Uxío Allo García

Vº e Pr.
O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.